



ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN ESCOLAR DE ALERTAS DO 6 DE NOVEMBRO DE 2018

Na sala de xuntas de Meteogalicia, reúnese a Comisión Escolar de Alertas o martes 6 de novembro de 2018 ás 10.20 horas, coa asistencia dos representantes dos seguintes órganos:

- Dirección xeral de Emerxencias e Interior
- Axencia Galega de Emerxencias (Axega)
- Dirección de MeteoGalicia
- Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
- Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

A Axencia Estatal de Meteoroloxía e MeteoGalicia alertan dun fenómeno meteorolóxico adverso de **nivel LARANXA por refachos de vento superiores a 100km/h**, que comezará as 12:00/15:00 horas do **martes día 6.11.2018** e prolongarase ata as 00:00 horas do día 7.11.2018. Este adverso afectará ás zonas de predición meteorolóxica de suroeste da Coruña, oeste da Coruña, noroeste da Coruña, litoral Pontevedra e a Mariña

Ante a devandita situación de risco, a Comisión Escolar de Alertas acordou o seguinte:

1. A SUSPENSIÓN DE ACTIVIDADES NO EXTERIOR nos centros educativos situados nas zonas de predición meteorolóxica afectadas.
2. A autoridade educativa comunicará esta incidencia ás direccións dos centros escolares afectados, solicitando que leven a cabo esta medida e fagan un seguimento dos partes meteorolóxicos durante a xornada na que se desenvolverá este adverso.
3. Para o caso de que as circunstancias da localidade onde se atopa o centro, supuxesen un risco superior ao declarado e pasase a unha declaración de nivel superior, as direccións poderán adoptar as decisións oportunas respecto da suspensión das actividades extraescolares.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

O director xeral de Emerxencias e Interior

O secretario xeral técnico

O director da Axega

A directora de MeteoGalicia

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

